

MANIFIESTO CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA

Para CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA, a prioridade da cidadanía é rematar coa situación de inxustiza social consecuencia do esgotado Réxime do 78 e que, para elo, fai falla a unión popular. O obxectivo de PODEMOS debe ser gañar as eleccións xerais de 2015, pois tomar as institucións é o único xeito de poder cambiar a situación político-social. Entendemos que PODEMOS precisa nutrirse de órganos operativos que poidan funcionar de forma eficiente e que demostren unha forte cohesión interna froito das súas metas comúns e, se a perdemos, só conseguiremos beneficiar os intereses dos que non queren que o pobo obteña a victoria. Este punto é vital para nós, posto que entendemos os concellos como as articulacións transformadoras da realidade social polo que o Consello Cidadán Municipal de PODEMOS debe traballar en harmonía e coherencia co decidido na Asamblea Estatal "SÍ SE PUEDE".

En coherencia cos nosos principios, asumimos a responsabilidade que supón defender municipalmente as ideas de CLARO QUE PODEMOS xa que coincidimos tanto coas liñas programáticas políticas e organizativas como na forma e no fondo. Para nós, o máis importante é ter claro un proxecto de cambio social eficaz e eficiente. A Historia indícanos que non debemos volver a repetir os erros do pasado, a ser prudentes e humildes e, sobre todo salvagardar o ilusionante proxecto que é PODEMOS para non deixarnos vencer polos nosos adversarios, antes sequera de comezar a botar raíces.

CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA representa a un grupo de persoas interxeracional, uns que non puidemos participar na transición e outros que sí o fixeron, pero todos coincidimos en que as cousas puideron e deberon facerse doutro xeito, así que agora imos facelas ben, sen medo e a por todas.

Ao fronte deste proxecto e como candidata a Secretaria Xeral presentamos a Isabel Faraldo, que consideramos a persona idónea para o cargo, polos seus valores de honestidade e compromiso coa cidadanía.

Xunto a ela presentámonos un equipo de persoas de formación e aptitudes diversas, do mundo do dereito, a cultura, a educación, a sanidade, e dos movementos feminista e sindical e da cooperación para o desenvolvemento, consideramos que a conxunción de todas elas pode aportar riqueza, eficiencia e capacidade de xestión ao Consello Cidadán municipal, de cara a un funcionamento eficaz do Círculo da Coruña, cunha interlocución fluída e permanente cos movementos sociais e as asociacións da cidade, porque PODEMOS é a xente.

O noso modelo municipal baséase na transparencia e na rendición de contas, o desenvolvemento sostible e ecolóxico, e sobre todo na cooperación social, co obxectivo de fomentar a solidariedade e a responsabilidade ante situacións de necesidade, nun contexto no que un de cada catro cidadáns está en risco de exclusión, facendo partícipe á cidadanía e a organización dos problemas do seu entorno.

Pedimos o voso apoio para que PODEMOS siga medrando, e que o medo siga mudando de bando día a día, Castelao dixo: "o galego non protesta, emigra", os tempos son chegados de demostrar o contrario, porque xuntos CLARO QUE PODEMOS.